

## Convocatoria H2020

Eres beneficiario/a dun proxecto H2020?

Si

## PUBLICACIÓN

1

Queres publicar o resultado da túa investigación?

Si

Envía o manuscrito a unha revista<sup>1</sup>

Revista de acceso aberto  
Revista híbrida  
Revista de subscrición que permita o autoarquivo (ver [Sherpa/Romeo](#))

## DEPÓSITO

2

Deposita unha copia da versión publicada ou do manuscrito final revisado por pares nun repositorio de publicacións<sup>2</sup>

Repositorio temático  
Repositorio Institucional  
Repositorio multidisciplinar

## ACCESO ABERTO

3

Asegúrate que a publicación depositada no repositorio estea en acceso aberto<sup>3</sup>

Embargo máximo permitido 6 meses (12 Ciencias Sociais e Humanidades)<sup>4</sup>

## LEMBRA

1. O autor ou autora pode elixir libremente a revista onde publicar. Os costes de publicación (APCs) son elegibles para o reembolso durante o período do proxecto.
2. O depósito debe facerse tan pronto como sexa posible e todo mais tardar no momento da súa publicación.
3. Ademais do acceso aberto ás publicacións, o repositorio debe facilitar o acceso aos metadatos descriptivos que identifican as publicacións nun formato estándar que conteña datos sobre o financiamento, nome da acción, acrónimo, nº da subvención, data de publicación, embargo e un identificador persistente. [Investigo, o repositorio da UVigo](#) cumpre con todos os requirimentos de H2020 para facilitar o acceso aberto as publicacións e os metadatos.
4. Se o embargo da revista é superior, solicita unha [Adenda](#) no contrato co editor.

- Aínda que o artigo estea publicado en acceso aberto nunha revista (vía dourada), é **obrigatorio o arquivo (depósito) dunha copia dixital nun repositorio (vía verde)**. O depósito de libros, capítulos, comunicación a congresos non é obrigatorio pero si recomendable. O depósito de datos de investigación que validan os resultados das publicacións é obrigatorio para proxectos iniciados a partir do ano 2017.
- **Non basta con publicar unha listaxe de publicacións na páxina web do proxecto**, xa que non teñen visibilidade. Tampouco é suficiente agregar as publicacións a Dropbox ou redes sociais académicas como ResearchGate ou Academia. edu.